

2023

# MEMORIA DE ACTIVIDADES

Informe resultados 2023



PLAN COMUNITARIO DE TEIS

# PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS

*Orde 14 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, que incorpora fondos procedentes do tramo autonómico da asignación tributaria do 0,7 % do IRPF destinado á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolven o seu labor no ámbito da prevención na Comunidade Autónoma de Galicia, e procédese á súa convocatoria (código de procedemento SA463F).*

## AVALIACIÓN DE NECESIDADES

Segundo os datos do Concello de Vigo, a poboación do barrio de Teis, onde se desenvolve o Plan Comunitario de Teis, é duns **27.782 habitantes** -censo a 01/01/2019-.

A cidade de Vigo e, por extensión o barrio de Teis, sufriu uns cambios sociodemográficos moi profundos na década dos 70, onde o desenvolvemento industrial provocou o crecemento acelerado da cidade e do barrio. Precisábanse dotacións empresariais e servizos que pudesen atender á nova poboación que estaba a chegar. Foi así como Teis foise integrando na cidade, ata que, durante os anos oitenta, a reconversión industrial desembocou nunha drástica crise, conformando, particularmente en Teis, unha nova realidade socio-económica e urbanísticamente máis deteriorada (abandono de fábricas, deterioro do entorno...).

A parroquia San Salvador de Teis sufriu (e segue a sufrir) unha desestruturación brutal e continúa -pola súa situación estratéxica na cidade-, deixando de ser unha unidade territorial uniforme; fragmentándose e dividíndose nas 6 parroquias que actualmente ten. Recibiu moitísima poboación foránea, incrementado o seu número de habitantes nun curto período de tempo. Para dar cabida a toda esa poboación, xenerouse un desenvolvemento urbanístico acelerado e desordeado. Todo este desenvolvemento urbanístico leva consigo unha sobreesaturación de infraestruturas nun espazo físico moi reducido (rede viaria da cidade, 2 liñas férreas, 1 autoestrada, cables de alta tensión, nun espazo de 5,8 Km<sup>2</sup>), coa particularidade de que o trazado de estas infraestruturas realiza unha participación horizontal do barrio, marcando artificialmente as zonas: zona de asentamentos tradicionais e zona urbana. Entre unha e a outra zona non existe transversalidade algunha.

Nestas circunstancias urbanísticas danse as condicións para a proliferación de espazos ou “micropuntos” segregadores onde converxe un gran número de poboación vulnerable e/ou socialmente marxinada, moita dela con problemas derivados do consumo de sustancias.

Teis conta cunhas características sociodemográficas de: **Desarraigo** motivado pola procedencia do rural, de barrios tradicionais da cidade e doutras nacionalidades. **Poboación nova**, e con **baixo índice de ocupación**. É común o **baixo nivel cultural**. A cualificación profesional é escasa, **maioritariamente operarios, fundamentalmente do sector industrial portuario e servizos**. Estas situacións inciden directamente nos **factores de risco** (ver o programa “Facendo barrio”) que se enumeran a continuación e que se interrelacionan coas diversas características persoais, familiares, escolares; coas formas de relación cos iguais, os hábitos de ocio ou as influencias culturais e macrosociais:

### Factores de risco:

<b>Factor social</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• A non participación social</li><li>• Coñecer consumidores/as de drogas</li><li>• Dependencia do grupo</li><li>• Facilitade de obter as drogas</li><li>• Insatisfacción no ocio</li><li>• Estigma social</li><li>• Percepción social negativa</li></ul>	<b>Factor laboral</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• Agobio ou estrés no traballo</li><li>• Esgotamento intenso no traballo</li><li>• Inquietude ante o futuro laboral</li><li>• Insatisfacción co trato recibido</li><li>• Insatisfacción na función ou traballo</li><li>• Mala situación contractual</li><li>• Xornadas de traballo prolongadas</li></ul>
<b>Factor Familiar</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• Abuso do alcohol ou drogas polos pais</li><li>• Agobio pola situación económica familiar</li><li>• Enfermidade mental ou nerviosa na familia</li><li>• Malas relacións entre cónxuxes ou parella</li><li>• Malas relacións pais/nais –fillos/as</li></ul>	<b>Factor Persoal</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• Fracaso escolar. Insatisfacción persoal</li><li>• Sensación de agobio ou tensión</li><li>• Sensación de non poder superar as dificultades</li><li>• Sentimento de perda de confianza en sí mesmo</li><li>• Conflito na construción da identidade</li></ul>

Nestes últimos anos, ademais, a **situación de emerxencia** que provocou a **covid-19**, situounos nun escenario de crise sanitaria e socioeconómica sin precedentes que incidiu, e incide, directamente nos factores de risco, aumentando potencialmente as súas consecuencias. O traballo preventivo e coordinado en rede que se realiza desde o Plan comunitario, permite aportar respostas inmediatas activando os diferentes recursos e servizos de maneira áxil, implicando a familias, servizos sociais e sanitarios, centros educativos e comunidade en xeral.

No barrio, localízanse 5 CEIPS, 1 CEP e 1 escola de Educación infantil; 3 privados e 2 concertados, de Educación Primaria e Secundaria; 4 institutos e 1 Centro de formación ocupacional. O elevado número de centros educativos da conta que os centros situados no barrio asumen alumnado doutros barrios da cidade; moitos centros educativos de primaria do resto da cidade teñen como centros adscritos institutos situados en Teis - os datos do censo só reflicten ao alumnado censado no barrio, sendo o número total de alumnado atendido moi superior-. Ubícanse, ademais, 1 centro cívico, 1 centro sociocultural, 5 agrupacións deportivas, 2 asociacións mediambientais...e outros moitos recursos e servizos que interactúan entre si e que requiren dunha coordinación estratéxica, cara á execución de proxectos.

O Plan Comunitario de Teis pertence a **Área Sanitaria de Vigo** que consta como **1ª** na Taboa de priorización segundo o Índice de Risco Epidemiolóxico (**IRE**), polo que se considera a de maior índice de Risco en consumo de drogas, cunha calificación de **12** puntos de Índice de Risco Absoluto de Prioridade.

## Principios metodolóxicos e Modelos teóricos de referencia

O Plan Comunitario de Teis actúa baixo o marco conceptual do **modelo comunitario** de intervención; polo tanto as liñas de actuación a seguir veñen definidas pola **metodoloxía de traballo comunitario**, onde a comunidade é, non só obxecto, senon tamén suxeito da intervención. A intervención comunitaria busca capacitar á cidadanía para enfrentarse á complexidade e diversidade da realidade, e aos retos dos cambios sociais e as súas consecuencias. Asumir este modelo, implica asumir o principio de **participación**, guiado polos criterios de **universalidade**, **integralidade** das propostas, **globalidade** das accións, **transversalidade** dos principios, **coordinación** dos servizos, institucións e axentes sociais, **prevención** de situacións de exclusión, enfoque desde a **perspectiva de xénero e emprego da lingua galega que nos é propia**.




Como complemento e soporte deste modelo comunitario, nos diferentes programas utilízanse **ademais** os **modelos teóricos** que se consideran mais apropiados segundo os seus obxectivos e que se atopan definidos en cada programa da Carteira de Servizos: modelo teórico de Bandura; modelo de estilos de vida e factores de risco de Calafat e outros; modelo sistémico; modelo de desenvolvemento social de Catalano, Hakwis e colaboradores; modelo de influencia entre iguais... Para o programa de prevención do uso problemático de internet e TIC, utilizaráanse ademais, o modelo bioecolóxico do desenvolvemento humano de Bronfenbrenner e Morris e o modelo de adición a internet de Douglas.

## Ámbitos de actuación

### Programas no ámbito escolar



- Programa de prevención universal, **Saúde na Escola**: “Obradoiros de Habilidades Sociais e Resolución de conflitos”, “Obradoiros de educación en saúde e hábitos de vida saudable” e “Obradoiros de educación afectivo sexual”.
- Programa de prevención selectiva, **Non pasa nada. ¿Pasa algo?** “Obradoiros de Habilidades Sociais e Resolución de conflitos”, “Obradoiros de educación en saúde e hábitos de vida saudable” e “Obradoiros de educación afectivo sexual”
- Programa de **prevención en TICs**. Prevención do uso problemático de Internet e TIC e de diversas prácticas de risco asociadas, entre a poboación infantoxuvenil; Promoción do uso saudable de Internet e TIC por parte da poboación infantoxuvenil; Aumento da percepción de risco e efectos asociados ao seu uso problemático e/ou adictivo. e

promover unha actitude crítica ante o uso de Internet e as TIC, entre a poboación destinataria.




### Programas no ámbito Familiar

- Programa de prevención universal, **Máis que un teito**: “faladoiros de familia”: pautas educativas e consellos de saúde: identidade persoal e autocoidados: prevención do consumo en xeral, asesoramento, información e formación en hábitos de vida saudable (hábitos alimenticios, coidados físicos e de hixiene, saúde mental-estrés, ansiedade e autoestima-). Conceptos básicos de drogodependencias.
- Programa de prevención selectiva **En familia, todos/as contan**: “asesoramento e orientación socioeducativa á familia”.
- programa de prevención indicada **“Entre todos/as”**; Traballo educativo con adolescentes, coa familia e en conxunto con ambos os dous: Adestramento en habilidades de xestión familiar, ensaio de condutas e práctica de habilidades e Intervencións educativas de apoio.




### ENTIDADES COLABORADORAS




### Programas no ámbito xuvenil:

- “Actívate xogando” e “Actívate colaborando”.

### PARTICIPANTES



### DESAGREGACIÓN POR SEXO




### Programa no ámbito Comunitario:

- **Facendo barrio:**
  - **Coordinación:**


A coordinación é imprescindible propiciar a organización e estruturación da comunidade como factor de protección fronte ao uso e abuso de substancias e as condutas adictivas; para fomentar o establecemento dunha rede estruturada de traballo que permita unha mellor resolución de situacións conflictivas derivadas do uso e abuso de substancias e as condutas adictivas; e para poder identificar e valorar os obstáculos e as potencialidades comunitarias.

Nos seguintes gráficos, aparecen os datos do número de xuntanzas e número de participantes e as entidades coas que se estableceu a coordinación externa.


**Xuntanzas/participantes**



**Desagregación por sexo**







**Entidades participantes:**



○ **Comités:**

Os comités permítenos traballar en pequenos equipos dinamizadores e canalizadores de intereses concretos e colectivamente compartidos, o que posibilita unha maior representatividade da colectividade á que representa. Organízanse de forma autónoma contando coa supervisión e o apoio do Plan Comunitario de Teis que é quen os sustenta e da sentido, incorporándoos a súa estrutura organizativa. Cada Comité planifica o seu traballo con obxectivos específicos propios, distribuindo tarefas e responsabilidades entre os seus/súas membros/as.



#### ○ Información- sensibilización


Estamos a traballar nun proceso de transformación dixital que nos permita achegarnos de maneira máis eficaz e eficiente ao maior número de poboación posible e que a difusión dos programas preventivos teñan un mellor impacto na sociedade e na veciñanza creando interaccións que resulten rendibles. A información sensibilización chegou a un total de 8.439 persoas directas:

A través das redes o total de entradas, unha vez desbotadas aquelas que teñen que ver co mantemento e actualización de contidos foi de de:



.- Páxina Web: 1242 entradas directas ao proxecto de Prevención de drogodependencias e condutas adictivas ou a algúns dos programas incluídos no proxecto: Escolas de nais e Pais, Saúde na escola, Comisións, Comités, Ocio alternativo, Obradoiros de Natureza... Diagnose/territorio/actividades preventivas.

.- Facebook, Chío, Instagram, Tiktok e LinkedIn: 2.150-166-560-160 e 64 respectivamente



Realizouse difusión de actividades, mesmo en direto, tentando que chegará ao maior número posible de persoas. Nos últimos meses aumentou considerablemente o número de persoas que interactúan con nós a través das redes sociais e da nosa páxina web, provocando a interrelación e colaboración de algúñas das persoas e entidades que actúan no mesmo territorio.

# “GUINDASTRES”

**Proxecto socieducativo de Intervención  
comunitaria e apoio integral a menores e  
familias vulnerables**



## DEFINICIÓN DO PROXECTO

O proxecto “Guindastres” é un proxecto de intervención social comunitaria, de carácter socioeducativo, que ofrece apoio integral a familias que presentan indicadores de vulnerabilidade e que polo tanto presentan riscos de exclusión social. Trátase dun proxecto de prevención, que involucra á comunidade no abrigo de menores e familias veciñas do barrio, que precisan de reforzo sociocomunitario cara a súa integración e posibilidades reais e efectivas de participación activa e igualitaria.

No espazo compartido as familias atopan escoita activa, respecto á súa autonomía persoal, e segundo o precisen e poidan requirilo: acompañamento e busca de recursos que poidan dar resposta as súas necesidades.

O desenvolvemento do proxecto organízase en dous grupos de aprendizaxe diferenciados por idades:

- ✓ “Vacalouras”, nenes de 7 a 11 anos que cursan primaria.
- ✓ “Píntegas”, rapazada de 12 a 17 anos que cursan a ESO e FPBásica.

en horario extraescolar de luns a xoves, seguindo o calendario escolar, pechando días festivos, días non lectivos e nos periodos vacacionais escolares.

## OBXECTIVOS

### OBXECTIVO XERAL

- Promover o desenvolvemento das persoas participantes no Proxecto “Guindastres”, desde unha perspectiva integral ao redor dunha intervención no ámbito persoal, familiar, educativo e social de menores.

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Previr, minimizar e/ou eliminar as situacións de risco que están a impedir o normal desenvolvemento de menores e familias, favorecendo a súa integración social.
- Apoiar ás familias con dificultades de acceso a outros recursos normalizados e normalizadores, cara a unha mellora da calidade de vida de menores e familias.
- Dar unha resposta exitosa que poida satisfacer as necesidades socioeducativas de menores e familias de maneira individualizada e programada en prol de acadar os obxectivos identificados en cada atención a cada caso.
- Implicar ás familias na supervisión de menores a cargo, e en coordinación con diferentes centros educativos/entidades/recursos e programas cos que estén interactuando.
- Fomentar en menores e familias, valores de convivencia, tolerancia e cooperación, así coma outras habilidades sociais e de relación co grupo de iguais e competencias cognitivas e sociais nun contexto de educación non formal.
- Provocar a participación de menores en actividades de ocio saudable controlado.
- Potenciar a participación de menores e familias no ámbito comunitario, promovendo actividades socializadoras da man de iniciativas artísticas, culturais, deportivas, etc.
- Realizar apoio e seguimento escolar, involucrando ás familias na valoración da formación e mellorando o rendemento escolar .
- Promover a autoestima, o autoconcepto e a confianza de menores e familias nas súas propias capacidades.

- Dotar ao barrio dun recurso alternativo a situacións de risco que afectan directa e indirectamente á preadolescencia e adolescencia, favorecendo tempos de ocio saudable desvinculados do consumo de drogas e outras adiccións.

## TEMPORALIZACIÓN



O horario de apoio escolar e socialización no grupo de iguais, foi de 16.30 a 18.30 horas. No grupo “Vacalouras” (primaria) desenvolveuse os martes, mércores e xoves; e no grupo “Píntegas” (secundaria e FP Básica) os martes e xoves.

## POBOACIÓN DESTINATARIA


As persoas beneficiarias do proxecto, son menores con idades comprendidas entre os 7 e os 17 anos e as súas familias, veciñas do barrio de Teis ou que asisten a centros educativos do barrio, con indicadores de risco que se poidan atopar en situación de risco e/ou vulnerabilidade social.

## POBOACIÓN DIRECTA ATENDIDA


Nos seguintes gráficos, amósanse datos sobre número, orixe, idade e procedencia no acceso das persoas participantes no proxecto:




## LUGAR DE ORIXE



## MINORÍAS ÉTNICAS



## CENTROS EDUCATIVOS



## ESTRATEGIAS E ÁREAS DE INTERVENCIÓN

As principais estatexias de intervención no proxecto “Guindastres”, siguen os principios básicos de actuación no eido do traballo comunitario:

- Globalidade, integralidade e universalidade nas acción.
- A persoa como centro de referencia para calquera tipo de intervención social.
- Manter á comunidade como marco de referencia, como contorna máis próxima que poida reforzar, valorizar e integrar a todas as persoas veciñas dun mesmo territorio.
- Atención integral ás necesidades de menores e familias, incidindo desde a perspectiva socieducativa nos factores de risco asociados a cada situación, centrando a intervención no entorno sociofamiliar.
- Traballo interdisciplinar e multidisciplinar, grazas as sinerxias da rede de traballo comunitaria, establecida desde a propia entidade, como coordinadora de barrio.
- Disciplina inductiva...
- Promoción da resiliencia...

As actividades que se levan a cabo dentro do Proxecto “Guindastres”, están enmarcadas arredor de 3 áreas de actuación:

1. Apoio escolar: traballo de hábitos, horarios e rutinas orientadas á adquisición e mellora de hábitos de estudo.
2. Área de promoción de desenvolvemento persoal e social, con perspectiva de xénero/igualdade/identidade a través do ocio, tempo libre e participación comunitaria.
3. Área de prevención ambiental: saúde comunitaria, traballo comunitario en rede.
  - Entidades, recursos, administración... Así coma profesionais do ámbito da educación, da sanidade, do traballo social, cultural e deportivo do barrio de Teis.

## ORGANIZACIÓN-PLANIFICACIÓN

Houbo dous grupos diferenciados para a atención socioeducativa en pequeno grupo: O denominado “Vacalouras” para a atención a menores que cursan primaria, que contou coa súa aula propia e como días estipulados de asistencia, os martes, mércores e xoves en horario de 16.30 a 18.30 horas ; e o grupo “Píntegas”, para a rapazada que cursa ESO e FPBásica, contando cos martes e xoves como días de asistencia estipulada, no mesmo horario que o outro grupo.

Os días estruturados para a atención directa a menores e familias, contaron ao longo do curso con ampliacións e flexibilidade de horarios e días de atención para os tempos de titorías individualizadas e actividades de socialización.


En ocasións puntuais aumentáronse os días e horarios de atención para dar resposta a novas necesidades detectadas: para preparar exames en semanas previas ás avaliacións, ter que facer tarefas en equipo, co fin de poder realizar traballos con necesidade do uso de aparellos dixitais, en actividades de socialización, etc.

Na planificación e organización diaria pódese apuntar a seguinte estrutura:

16.00-16.30	16.30-16.45	16.45-18.10	18.00-18.10	18.10-18.30		
<b>TITORÍAS- INTERVENCIÓNS EDUCATIVAS INDIVIDUAIS</b>	<b>IDENTIDADE EMOCIÓNS, GRUPAL</b>	<b>PERSOAL, COHESIÓ</b>	<b>APOIO, REFORZO, HÁBITOS ESTUDO</b>	<b>OCIO LIBRE</b>	<b>OCIO EDUCATIVO</b>	<b>SAÍDAS</b>
espazo de tempo destinado a menores e familias para abordar aspectos relevantes a cada menor de maneira individualizada, en relación ao ámbito académico, persoal, social e familiar	"volcado" de emocións e necesidade de afianzamento da identidade individual propia, e co acompañamento e reforzo positivo, arraigo común ao grupo de iguais. Da man da posta en común das dificultades e éxitos que se van identificando como propios á aprendizaxe e etapa vital común, vanse fortalecendo ao longo do tempo a adquisición e reforzo de valores para a convivencia.	Espazo (diferenciado do de lecer) de estudo para que menores poidan aprender a organizar o seu tempo, e propiciando, ao mesmo tempo, un espazo adicado ao estudo e prácticas académicas.	Merenda saudable	Tempo de actividades lúdico-educativas: xogos, dinámicas, obradoiros,....	Actividades de ocio comunitario propias, e participase en actividades doutros recursos ou entidades do barrio. Así mesmo fanse saídas fora do barrio a lugares de interese social, deportivo e cultural. Ao longo do ano escolar. (Ver tamén Programa "Activa")	

## COORDINACIÓN

Este proxecto ten diversas liñas de **coordinación** que son función da Coordinadora técnica, a excepción de departamentos de orientación (pola propia dinámica do programa) que se resolveu directamente entre educadoras e responsables dos departamentos dos centros educativos. Compartiuse información relativa ao transcurso do programa, á evolución de menores e as súas familias, e a todas aquelas circunstancias que podían reverter en beneficio para menores correlativamente cos servizos e axentes sociais do barrio que estiveron implicados dunha ou outra maneira no seu desenvolvemento persoal.



## Valoración final

O proxecto “Guindastres” mantén coma tarefa que o fundamenta, dar resposta ás necesidades das persoas destinatarias: menores e as súas familias, con altos indicadores de vulnerabilidade e/ou en risco de exclusión social.

Mantivéronse e cumpríronse os criterios de calidade que vimos priorizando desde a primeira edición, PARTICIPACIÓN e COORDINACIÓN de todes axentes implicades (familias, profesionais, servizos,...), como garantía de efectividade e eficiencia. Isto permitíu, por unha parte adecuar as accións aos fins e obxectivos do proxecto e, por outra, a optimización dos recursos utilizándoos correcta e equilibradamente e recurrido á avaliación continua e informada como fórmula de mellora contínua.

A coordinación continuada ao longo dos últimos anos repercutiu satisfactoriamente á hora de poder das resposta rápida, eficaz e axeitada a diferentes dificultades de diversa índole identificadas desde os centros educativos:

Para alumnado chegado desde outros países de orixe mediado o curso, asesorouse e acompañouse tanto a centros educativos de referencia coma ás familias; tramitáronse matriculacións a través de inspección educativa, asesorouse en temas de homologacións de titulacións, e incorporáronse menores e familias ao proxecto “Guindastres” unha vez estudados e consensuados os casos en común.

Nas incidencias relativas a partes de conduta e/ou expulsións, seguiuase a dinámica de anos anteriores cun reforzó e traballo con menores e familias, sobre as medidas tomadas pola comunidade educativa. No caso dunha expulsión de 3 días, coordinouse a asistencia do menor ao Plan Comunitario no mesmo horario no que tería que estar no seu centro educativo.

A estrutura de traballo por grupo de iguais e ciclo educativo, facilita identificar e traballar as inxedanzas propias de cada idade de xeito prudente e ao fio de cadansúa etapa madurativa.

En canto ás actividades realizadas, hai que destacar as realizadas por persoas/recursos alleos ao Plan Comunitario. Déronse nesta edición novas sinerxias de colaboración, coma no caso das científicas mariñas do CSIC, que enriqueceron o proxecto desde a perspectiva da ciencia, da igualdade e do compromiso co medioambiente. Neste mesmo sentido, aínda que non deu tempo para esta edición, houbo unha xuntanza na Universidade de Vigo co centro de investigación en nanomaterias e biomedicina CINBIO, para estruturar actividades conxuntas cara a seguinte edición.

Na intervención global do proxecto, xurden dificultades previstas e non previstas que precasarían dunha resposta multidisciplinar á que non podemos chegar por falta de recursos persoais, materiais e financeiros: temas actuais cunha importante incidencia social como a intolerancia, homofobia, violencia de xénero, saúde mental,...

A falta de recursos económicos segue a impedir poder facer máis actividades de socialización e resocialización, fundamentais para o desenvolvemento socioemocional de menores e familias. O papel fundamental que xoga a participación social, só pode darse exitosamente se se capacita ás familias cunha igualdade de oportunidades que reduza e/ ou minimize as dificultades socioeconómicas e potencie as súas posibilidades de integración.

Hai por último que valorar moi positivamente a incorporación de novas persoas voluntarias, o que repercutiu moi favorablemente na atención individual e grupal, sobre todo no caso do grupo de adolescentes, coa incorporación dun traballador social voluntario.

# A PUNTO TEIS

## Proxecto integral de Itinerarios de Inserción sociolaboral para mozas e mozos vulnerables

*Orde de 27 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases que rexirán a concesión de subvencións a entidades privadas de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social para os anos 2023 a 2025, cofinanciada parcialmente pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento BS631A).*



## XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN.

Dadas as características poboacionais do barrio e a súa situación socioeconómica, tal e como se desprende dos datos obtidos na diagnose comunitaria realizada por esta entidade, algúns sectores da mesma -entre os que destacan os mozos e mozas de entre 16 a 26 anos- precisan abordar a súa vulnerabilidade a traveso dun programa de intervención integral a nivel comunitario que permita:

- ↳ Fortalecer o estado afectivo-emocional das persoas destinatarias, para provocar nelas o desexo de mellora nos aspectos socioeducativos, ocupacionais e/ou laborais como paso inicial para acadar autonomía nas súas vidas.
- ↳ Previr e/ou minimizar o risco de exclusión social destes sectores poboacionais.
- ↳ Facilitar o seu acceso normalizado ao mercado de traballo. (competencias, aptitudes e habilidades básicas e alternativas ao desemprego)
- ↳ Fomentar e motivar o seu retorno e/ou inicio a accións formativas que faciliten o seu acceso ao mercado laboral nun futuro, así como reforzar a autoestima das participantes mediante a consecución de obxectivos establecidos previamente e de mútuo acordo.
- ↳ Potenciar e fortalecer a rede social e comunitaria establecendo canles relacionais de apoio e seguemento continuado.

Se contemplamos a conxuntura actual, trala situación de emerxencia e o estado de alarma no que aínda estamos inmersos, é xa un feito a importancia que cobra a variable integradora do traballo e as disfuncións que se poden establecer nas relacións en redes familiares e de socialización. Estase a evidenciar un significativo aumento da vulnerabilidade, provocado fundamentalmente polo desemprego, ou ausencia del, e/ou a precarización do traballo (ademáis da desvinculación do sector máis xoven con respecto a súa formación/educación formal e/ou ocupacional).

Esta situación está a provocar un aumento na inestabilidade sociolaboral e relacional na xente máis nova e tamén a desestabilización dxs que ata o de agora estiveran perfectamente integradas con relación ao traballo, mesmo que este fora precario. A destrución de emprego que se está a producir, así como a falta de accións formativas (incluso de forma telemática) ás que poder optar, limita as expectativas laborais e as oportunidades de acceder a un posto de traballo, o que pode ocasionar que se pase dunha situación de vulnerabilidade a unha situación de exclusión dunha maneira inminente.

Os condicionantes de idade, xénero, orixe/procedencia e recursos influirán directa e expoñencialmente neste proceso, e os/as mozas e mozos sufrirán en maior medida a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e situacións de desemprego, así coma un acusado déficit de acceso á información e participación social e de cidadanía (máis aínda logo de ter estado illados/as durante o periodo do estado de alarma).

“Apunto Teis” é unha iniciativa comunitaria que realiza as actuacións desde a integralidade, unindo as intervencións complementarias dos servizos sociais comunitarios nun proxecto de inclusión social; asentando estas intervencións nas propias forzas e recursos da comunidade, mellorando a súa organización, coordinandoos, optimizandoos e mobilizandoos, na medida do posible, na busca de alternativas viables de traballo, fomentando en moi diversos eidos (no convencemento de que a integración abrangue aspectos moi diversos) a implicación das persoas na rede (a traveso da coordinación e cooperación cos servizos sociais e outras entidades ou axentes sociais participantes) e facilitando, a través do establecemento de itinerarios -con titorización e seguimento- a incorporación social (ou mellor dito, nestes

momentos de incertidume, reincorporación á vida social, educativa e laboral) das persoas en situación de desvantaxe e /ou exclusión, reducindo a súa vulnerabilidade.

## OBXECTIVOS.

a) Obxectivo xeral.

Implementar actuacións integrais de carácter transversal nos ámbitos da inclusión sociolaboral: coordinación, educación e formación, inserción laboral, acción social e orientación-información.

b) Obxectivos específicos.

1. Reforzar aspectos do estado emocional e relacional de mozas e mozos participantes.
2. Mellorar as aptitudes básicas dos mozos e mozas do barrio en situación ou risco de exclusión social.
3. Realizar seguimento e titorización de mozos/as do barrio en situación ou risco de exclusión social.
4. Dotar, aos e ás mozas en situación ou risco de exclusión, de competencias e contidos básicos que permitan o desenvolvemento das súas capacidades persoais e sociais como paso previo para un acceso normalizado ao mercado de traballo.
5. Diminuír os desequilibrios existentes na situación de partida das mulleres e homes participantes.
6. Evitar, na medida do posible que reproduzan discriminacións, estereotipos nen prexuízos por razón de sexo.
7. Implicar á comunidade no proceso de incorporación social e laboral dos mozos e mozas en situación de risco ou exclusión social.
8. Crear un espazo comunitario de referencia para a xente nova do barrio.

## ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS.

- Competencias persoais- emocionais e sociais:
- Habilidades prelaborais
- Informática básica e tics
- Accións socioeducativas

### ● CRONOGRAMA 2023

ÁMBITOS	TAREFAS	01/05/2023-30/11/2023					
		Maio	Xuño	Xullo	Setem.	Outubro	Novem.
Coordinación seguimento	Planificación do programa-difusión	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Derivacións - priorizacións de prazas					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

	Avaliación continua		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Orientación e información	Entrevistas-Diagnosis e deseño do proxecto/Itinerario personalizado				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Seguemento e avaliación do proxecto /itinerario		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Educación e formación	Reforzo socioeducativo- Módulos de formación		<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Acción Social	Accións para a capacitación persoal e social		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Acompañamento social	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Inserción Laboral	Accións promotoras de acceso e permanencia no mercado laboral				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Tiveron prioridade aqueles participantes que foran derivados polos/as profesionais de referencia (SS.socias básicos comunitarios e outras entidades sociais) e cuxo itinerario anterior tiña que ser revisado e actualizado e novas incorporacións que a tiveran a entidade a ás súas profesionais coma referentes profesionais.


## METODOLOXÍA

A metodoloxía foi a propia das iniciativas comunitarias: participativa, activa e flexible en todo o proceso, de tal xeito que a coordinación e cooperación entre todas/os as/os axentes implicadas/os convertíuse no método de traballo propiamente dito, habilitando canles de comunicación directa entre as persoas, cubrindo os ocos aos que a administración non chega e apostando pola calidade da intervención. Isto permitiu realizar os itinerarios personalizados de aprendizaxe adaptado ás necesidades da poboación destinataria, axustandoo á coxuntura actual na que as diferentes actividades/módulos adquiriron un novo peso específico e focalizaron -segundo procedeu- o desenvolvemento de accións dirixidas a mellorar o seu estado emocional (coma paso previo para traballar o proceso de cambio), a adquisición de competencias persoais e o acompañamento social.

Esta metodoloxía implica unha achega diferencial /innovadora á falta de visión global e coordinación real entre Institucións/ SS. SS/entidades sociais/colectivos nas intervencións, necesaria para afrontar a situación actual de extremo risco de exclusión social activando mecanismos de participación e estratexias socioeducativas, formativas e ocupacionais/laborais efectivas. Conseguiuse activar unha forte rede estruturada de intervención que permite o establecemento de recursos e protocolos de actuación conxuntos, coordinados, con profesionais/colectivos/entidades do barrio.

A transversalidade e interconexión de todos os programas do Plan comunitario de Teis permite potenciar a integración e interacción dos mozos e mozas na súa contorna (barrio de Teis) o que posibilita o óptimo desenvolvemento do programa e a mellor consecución dos resultados desexados na evolución emocional, relacional, social e ocupacional dos e das participantes.


### COORDINACIÓN CON OTRAS ENTIDADES




### PERSOAS PARTICIPANTES

Os seguintes gráficos reflicten os datos relativos ás persoas participantes durante, con especial atención a aquelas que remataron o seu itinerario:


DESAGREGACIÓN POR SEXO




FINALIZARON ITINERARIO POR SEXO




IDADES MULLERES




IDADES HOMES




NIVEL ESTUDO MULLERES




NIVEL ESTUDO HOMES




### FACTORES VULNERABILIDADE




### FACTORES VULNERABILIDADE POR SEXOS



### SITUACIÓN LABORAL




### SITUACIÓN LABORAL POR SEXOS




## AVALIACIÓN

Nos gráficos que siguen, volcense os datos referidos á consecución dos obxectivos que non se reflicten nos demais apartados.


### OBXECTIVOS 1 E 3



### OBXECTIVO 2



### OBXECTIVOS 6-7



- Obxectivos 4 e 5:
  - Grao de satisfacción coas medidas de conciliación (flexibilidade, adaptación horaria...) Non foi requirida.
  - Grao de modificación de crenzas e actitudes con respecto ás características e requirimentos do mercado laboral, baixo a perspectiva de xénero. Medio-baixo

## VALORACIÓN

En xeral, e pese ás dificultades que supón a inseguridade de continuidade do programa para a planificación e organización do mesmo, e a necesidade de seguir a traballar novos itinerarios con persoas participantes da edición anterior, conseguíronse moitos dos resultados esperados, e reducíronse os desequilibrios existentes na situación de partida das mozas e mozos participantes. A flexibilidade e adaptación horaria de actuacións, a coordinación e seguimento continuo e a transversalidade e permeabilidade con outros programas da entidade.

Incorporación das tecnoloxías para a comunicación utilizando as ferramentas telemáticas e comunicativas máis próximas ou de uso máis común en perfís de participantes sen hábitos, que non están acostumados a aparecer ou coller o teléfono e chamar, e o whatsapp, as video chamadas e os contactos virtuais, facilitaron o contacto, e mesmo a aprendizaxe de normas cívicas, informar non asistencia, planificación e organización dos tempos e tarefas a realizar de maneira máis efectiva e mellorar na asunción de responsabilidades.

Sinalar que promover a motivación, naquelas persoas que se atopan en situación irregular faise cada vez máis complicado, e habería que ter este dato en conta, para novas edicións, xa que non só os/as participantes entran nun estado de frustración inmovilizante, senón que as propias profesionais teñen moitas dificultades para ofrecer alternativas reais á súa situación e véñense incapaces de mellorar a súa situación de especial vulnerabilidade inicial.

Tras a implementación do programa e a interacción coas persoas participantes analízanse dous factores a destacar. Por unha banda observamos como mudou a maneira de enfrentarse a realidade nas persoas que se achegan ao Plan Comunitario de Teis tanto nas persoas atendidas, como naquelas que teñen itinerarios personalizados e individualizados, vendo como variaron ás súas habilidades sociais, a súa situación emocional e en definitiva as interaccións interpersoais incluso co seu grupo de iguais. Por outra banda cabe destacar tamén que, é maior o número de mozos homes que se atopan nesta situación cada vez a idades máis novas.

Debido as características das persoas participantes e dos prazos dispoñibles para a intervención nos itinerarios ningunha das persoas desta edición conseguiron no momento actual un acceso ao emprego normalizado, se ben é certo que varias destas persoas teñen vínculo co mercado laboral sumerxido e baixo condicións de precariedade laboral vinculadas a súa realidade administrativa. Varias das persoas participantes retomaron a acción formativa no proceso de rematar os estudos secundarios polo que agora mesmo a búsqueda de emprego non é a súa prioridade.

Os novos hábitos de relación social das persoas participantes máis novas, requiren dun rebrandamento de estratexias de achegamento e mesmo de apoio, xa que o illamento social e sociolaboral está a ser unha constante contra a que non podemos enfrentarnos sen unha análise detallada das causas que o provocan, para poder artellar alternativas innovadoras que lles permitan realizar os itinerarios con éxito.

**NON HAI FRONTEIRAS!**

**Proxecto Comunitario de aprendizaxe  
idiomática, dixital, informacional e de  
desenvolvemento persoal**



## ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN

O peso da poboación migrante no barrio de Teis é significativamente maior a outros da cidade: de 27.782 habitantes, o 5% son poboación inmigrante -das cales o 46,5% son mulleres. A poboación migrante -especialmente a orixinaria de procedentes extracomunitarios e con patróns culturais máis afastados aos do noso territorio- posúe especial dificultade á hora de integrarse na comunidade, debido ás diferenzas culturais e simbólicas, ao idioma, e á desigualdade estrutural de oportunidades, aumentándose esta vulnerabilidade máis aínda se introducimos o enfoque de xénero, xa que na situación das mulleres migrantes interseccionan tres eixos de exclusión que o converte nun colectivo extremadamente vulnerable: o feito de ser mulleres, o feito de ser mulleres migrantes e racializadas, e o feito de ser persoas con poucos recursos económicos. Destes eixos estruturais de desigualdades orixínanse as súas condicións de invisibilidade, falta de acceso ao mercado laboral, de pertenza á vida comunitaria e participativa, un maior reforzo das actividades feminizadas e outras desigualdades en termos xerais. O efecto cachoeira das vulnerabilidades que se derivan de cada unha destas características anteriormente dan lugar á brecha idiomática, brecha informacional, fenda dixital, escasa participación social, dificultade de acceso a servizos e recursos básicos (como os sanitarios, sociais, laborais e/o financeiros).

Todas estas cuestións sinaladas en liñas anteriores son o antecedente e contexto que xustifican a necesidade de implementar un proxecto que atenda a estas necesidades desde unha visión global e integral que puxese o foco na persoa e en todos os seus determinantes sociais, culturais, económicos e ambientais. Para iso ofreceuse un punto de encontro no que poder responder as súas necesidades de coñecemento do idioma e da contorna e no que poder adquirir e/o adestrar habilidades de comunicación, relación, coñecemento de recursos para poder acceder a unha participación proactiva, normalizada e normalizadora como veciñas; favorecendo tamén, unha atención ás súas necesidades afectivo-emocionais de socialización que lles permitise desenvolverse como seres sociais.

## OBXECTIVOS

Son obxectivos do devandito documento avaliar:

- ☞ A consecución de obxectivos do proxecto en todas os ámbitos de actuación.
- ☞ Os resultados esperados do proxecto en todas as áreas de intervención.
- ☞ O impacto do proxecto, con especial atención ás necesidades estratéxicas .
- ☞ Valoración e mellora continua do proxecto.


## DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO E PLAN DE TRABALLO

Non Hai Fronteiras! desenvolveuse estruturado en:

- a) Actividades de alfabetización idiomática, dixital e intervención grupal realizouse todos os martes, xoves e venres en sesións de 3 horas de duración.
- b) O punto de encontro para a Alfabetización informacional, que estivo activo todos os días da semana, previa cita.
- c) Actividades de socialización e resocialización, un venres de cada mes e sempre que se ofrecese a oportunidade de participación en actividades comunitarias.
- d) Actividades de Coordinación.
- e) Actividades de Conciliación.




O peso das diferentes actividades, exprésanse no seguinte gráfico:




## PERSOAS PARTICIPANTES

As persoas destinatarias e participantes no proxecto, son mulleres racializadas, con procesos migratorios diversos e todas elas veciñas do barrio de Teis, situado en Vigo, de diversas idades, toda elas -naturalmente desde diferentes puntos de partida e niveis- cunha carencia idiomática xeral que afecta a todos os ámbitos da vida diaria. Excepto 4 das participantes máis novas, todas son nais de como mínimo un ou unha filla/o e a nivel cultural e económico representan e reproducen os roles habituais de nais, habitando máis espazo no ámbito privado que público e asumindo a totalidade do traballo doméstico. Outro factor de vulnerabilidade a ter en conta, e que é un dos principais motivos da situación de exclusión ou risco de exclusión social, é a súa condición de ser persoas e familias con significativos índices de pobreza e falta de recursos, tendo en case a totalidade das familias un único emprego no fogar e en todas o home é o sustentador.


PARTICIPANTES POR IDADES



ORIXE DAS PARTICIPANTES





O seguinte gráfico amosa como foi o achegamento das persoas participantes ao proxecto:




## COORDINACIÓN E TRABALLO EN REDE

Durante o desenvolvemento do proxecto establecéronse os contactos e colaboracións previstas e incorporáronse novas colaboracións, conseguindo conexións a longo prazo, que fomentaron o intercambio de diversos puntos de vista e o compromiso proactivo para contribuír ao éxito persoal, social e comunitario das participantes; Todas as colaboracións combináronse como forzas complementarias, favorecendo o intercambio de coñecementos e aprendizaxes nas que o Plan Comunitario de Teis liderou e organizou o proceso de colaboración permitindo explorar sinerxias, aproveitando as vantaxes comparativas das redes de conexión, coordinación, colaboración e contribuíndo á creación dunha nova cultura de colaboración mútua.



## AVALIACIÓN

No seguinte gráfico expóñense as porcentaxes correspondentes aos obxectivos que se trazaron o o deseño do proxecto e como se pode observar todos eles conseguíronse entre o 75/100%, algúns deles nunha porcentaxe maior que o esperado.




## IMPACTO DO PROXECTO

Podemos afirmar que tras a realización do proxecto beneficiáronse gran medida: primeiramente e de maneira máis notoria ás persoas destinatarias directas, seguidamente ás persoas e colectivos indirectos -desde hijes ata outras entidades-, e outros programas do Plan Comunitario de Teis e como extensión e en terceiro lugar á comunidade e o territorio, xa que tiveron lugar diferentes interaccións con vecines, profesionais, e centros sociocomunitarios e educativos.

Coa implementación do proxecto Non hai Fronteiras! , a totalidade das mulleres participantes melloraron a súa comprensión e fala do idioma, as súas ferramentas comunicativas e de acceso á información e adquiriron novos coñecementos e habilidades dixitais, aumentando a súa confianza, a súa autonomía e o seu desenvolvemento persoal-especialmente a área emocional e de autopercepción-

O coñecemento de recursos/proxectos/actividades por parte das mulleres participantes permitiu tamén que, familia/contorna máis próxima (amizades) fosen sumándose á participación activa-comunitaria. A acción directa realizada no espazo de **conciliación**- que tivo que reforzarse coa colaboración voluntaria - achegou ás súas filles, ademais, ferramentas comunicativas e de asunción de normas/límites favorecedores da convivencia.



Todo iso resultou en interaccións bidireccionales como veciñas, aumentando a súa presenza en espazos nos que non existía e achegándose a outros colectivos de mulleres-servizos-recursos do barrio e locais: das actividades de socialización derivaron interrelacións entre participantes-persoas externas noutros contextos alleos ao proxecto (participación en novos grupos-actividades-espazos propios para mulleres).

A planificación conxunta derivación/ priorización de prazas e seguimento continuado-coordinado de profesionais que se implicaron e/o interactuaron co proxecto, permitiu e/o mellorou a consecución de obxectivos de intervención comúns de maneira áxil e mesmo inmediata: acompañamentos, atención a necesidades básicas e recursos materiais/económicos, atención xurídica, involucrando/corresponsabilizando a mulleres/profesionais/servizos na optimización do uso de recursos dispoñibles.

A extensión e fortalecemento das redes sociais de apoio melloraron as posibilidades de inclusión e serviron de promotor de novos contextos/oportunidades para as participantes tanto no lecer ( asistencia a clases de teatro) como no ámbito persoal e laboral (apoio/facilitación de acceso ao mercado laboral), minimizando desigualdades; permitindo unha visión máis positiva entre participantes-comunidade e incrementando o coñecemento-recoñecemento mutuo (caso das interaccións con Centros Educativos nas que se visibilizaron, comprendéronse e coordinaron dinámicas de funcionamento familiar-educativo como proceso común e corresponsable de toma de decisións). En definitiva, o proxecto mellorou/aumentou as potencialidades das mulleres participantes e do barrio de Teis como comunidade inclusiva e con máis ferramentas para a equidade e a convivencia.